

27 de xaneiro, mércores:

Ola peques, aquí estamos de novo, hoxe é mércores, recordamos tamén que número de mes, qué mes, qué estación, qué ano e qué tempo fai, como fai todos os días o encargado/a.

Hoxe imos facer estas tarefas:

Recorta dun folio 11 etiquetas cuadradas, e escribe nelas os números do 11 ao 20, pídelles a mamá fabas, garbanzos ou macarróns e conta para cada número a cantidade correspondente..

Cando o teñades mándame unha foto!!!

Agora colorea a portada das fichas do confinamento e ponlle o teu nome, podes decorar os espazos en branco.

Facedes a ficha páx. 1 de escribir as letras do abecedario e por detrás facedes un debuxo.

Para rematar as tarefas de hoxe imos ver un conto, a ver se vos acordades del, mandéivolo no outro confinamento: "A casa da mosca chosca" está colgado na páx. web. Bicos e ata mañá!!!

